

MATERIA
Historia Económica

unidade
didáctica
1

TITULACIÓN
Administración e Dirección de Empresas

Economías agrarias e procesos de industrialización (1750-1870)

Adrián Dios Vicente

Área de Historia e Institucións Económicas
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC
usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679406>

MATERIA: Historia Económica

TITULACIÓN: Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Economías agrarias e procesos de industrialización (1750 – 1870)

Poboación e agricultura nas economías preindustriais

A economía urbana preindustrial

O comercio a longa distancia

A Revolución industrial

Crecedemento económico moderno e proceso de industrialización

Unidade II. Segunda Revolución Industrial e Primeira Globalización (1870 – 1914)

O xurdimento dunha economía internacional.

Sistema monetario e financeiro. O Patrón Ouro: teoría e realidade.

A segunda revolución tecnolóxica. Cambios produtivos, organizativos e institucionais.

Crecedemento, desigualdade e diverxencia.

Unidade III. Guerras, crise e desintegración económica internacional (1914 – 1945)

A Primeira Guerra Mundial e a expansión dos anos vinte.

A Revolución Rusa e a Economía Soviética.

A crise dos anos trinta nos Estados Unidos.

A crise dos anos trinta en Europa e o resto do mundo.

A Segunda Guerra Mundial e a construción dunha nova orde internacional.

Unidade IV. Da Reconstrución á Idade Dourada (1945 – 1973)

A época dourada do Capitalismo. 1950 – 1973.

Crise do petróleo, regreso á ortodoxia liberal e globalización.

Unidade V. Crises económicas e financeiras, crecedemento e globalización (1973- 2014)

As economías avanzadas dende 1973: axustes e inestabilidade.

Os países en desenvolvemento dende 1973: éxitos e fracasos.

A transición do Comunismo ao Capitalismo en Europa Oriental.

A Gran Recesión (2007 – 2014)

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. Poboación e agricultura nas economías preindustriais
3. A economía urbana preindustrial
4. O comercio a longa distancia
5. A Revolución Industrial
 - 5.1. Ideas iniciais sobre a Revolución Industrial
 - 5.2. A Revolución Industrial no sector do algodón
 - 5.3. A Revolución Industrial noutros sectores
6. Crecemento económico moderno e proceso de industrialización

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

PRESENTACIÓN


A presente unidade didáctica está integrada na materia Historia Económica do Grao de Administración e Dirección de Empresas. Esta materia encádrase no primeiro curso do plan de estudos, concretamente no seu primeiro cuatrimestre.

O obxectivo da materia é conseguir que o alumnado teña un achegamento á evolución dos principais eventos económicos dende unha perspectiva histórica, prestando especial atención a aquelas mudanzas institucionais e tecnolóxicas que propician as grandes transformacións económicas. O período histórico enmárcase dende o fin das sociedades preindustriais até o 2014, realizando unha análise concreta da evolución do sistema capitalista como modo de produción no ámbito global.

A materia iníciase coa presente Unidade Didáctica, orientada ás sociedades preindustriais e ás grandes transformacións que aconteceron ao longo dos séculos XVIII e XIX para a conformación do novo sistema económico capitalista. Para iso haberá un primeiro epígrafe que analizará a dinámica das sociedades preindustriais, caracterizadas polo ciclo demográfico antigo e a organización económica nesta etapa histórica. O segundo bloque estará orientado ás transformacións institucionais acontecidas neste período, en particular o desenvolvemento do mercado para a asignación de recursos e o crecente proceso de asalarización. Por último, analizarase o cambio tecnolóxico como desencadeante de cambios económicos, tomando como base os sectores do téxtil de algodón e a siderurxia.

Tendo en conta a organización docente establecida, e sendo esta a primeira unidade didáctica, adicaráselle tres semanas de clase, nas cales contaremos con seis horas expositivas e dúas horas e media interactivas.

Figura 1. Programación Docente da materia Historia Económica



Fonte: Elaboración Propia

O resto da programación docente estará composto por outras catro Unidades Didácticas. A segunda terá por obxecto a Segunda Revolución Industrial e a Primeira Globalización no período 1870 – 1914, atendendo ao crecemento do comercio internacional e do investimento estranxeiro directo baixo unhas condicións monetarias moi específicas ligadas ao Patrón Ouro e nun contexto que podemos determinar como a primeira crise sistémica do Capitalismo a partir da década de 1870, nun período onde se ensanchan as desigualdades rexionais e que podemos coñecer como Gran Diverxencia.

A terceira Unidade Didáctica analiza a evolución económica no período de Entreguerras, dende o estourido da Grande Guerra até o fin da Segunda Guerra Mundial, atendendo ás motivacións económicas da guerra interimperialista entre 1914 e 1918, á forte inestabilidade dos anos 20 e a crise dos 30, para finalmente concluír coas consecuencias económicas da Segunda Guerra Mundial e o establecemento dunha nova orde económica internacional.

A cuarta Unidade Didáctica profundiza na Época Dourada do Capitalismo, o período de tres décadas de crecemento ininterrompido cunhas taxas nunca vistas dentro do modo de produción capitalista, dende unha dupla perspectiva de mellora tecnolóxica e cambio institucional, en particular co forte desenvolvemento do Estado do Benestar. Este apartado finaliza coa crise de 1973, atendendo ás súas causas máis profundas, ligadas tanto aos prezos enerxéticos como á crecente ralentización na evolución da produtividade e o descenso da taxa de ganancia empresarial.

A última Unidade Didáctica (unidade V), ten como obxectivo analizar a evolución económica posterior á década de 1970 e a solución á crise proposta polo neoliberalismo, no retorno á predominancia do mercado como asignador de recursos, cunha importante participación pública no obxectivo de velar por manter os beneficios empresariais elevados, rompendo os consensos de posguerra en relación ao reparto de lucros entre traballo e capital, cunha progresiva devaluación salarial. En paralelo, as crises, particularmente financeiras, aumentan a súa presenza e impacto na economía global.

OBXECTIVOS

A materia Historia Económica, pola súa ubicación no presente plan de estudos, constitúe non só unha ferramenta para o coñecemento de eventos económicos históricos, senón tamén unha primeira aproximación á teoría económica e a determinadas ferramentas estatísticas aplicadas. Polo tanto, os obxectivos específicos da materia son os seguintes:

- Obxectivo 1: Comprender os conceptos básicos da economía e a súa aplicación a diferentes contextos históricos.
- Obxectivo 2: Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico.
- Obxectivo 3: Coñecer as distintas modalidades de empresa xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento.

- Obxectivo 4: Familiarizarse con técnicas e instrumentos estatísticos básicos empregados no tratamento das series económicas históricas (números índice, taxas de crecemento, variables nominais e reais, etc.)
- En paralelo, a materia busca a aprendizaxe de competencias xerais, específicas e transversais:
- Competencia Xeral 1: Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas a un nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións, facendo uso dos seus coñecementos sobre a realidade empresarial, as teorías, os modelos e os métodos científicos propios.
 - Competencia Xeral 2: Saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito empresarial, incorporando na elaboración de xuízos e propostas as consideracións pertinentes sobre a súa dimensión social, científica ou ética.
 - Competencia Específica 1: Analizar e interpretar a realidade económica nacional e internacional, sectores produtivos, sector público, institucións económicas e a súa evolución.
 - Competencia Específica 2: Analizar e interpretar a contorna histórica, social e institucional da empresa.
 - Competencia Específica 3: Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
 - Competencia Específica 4: Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de como funciona a economía.
 - Competencia Transversal 1: Análise e síntese.
 - Competencia Transversal 2: Comunicación oral e escrita.
 - Competencia Transversal 3: Razoamento crítico.

A primeira Unidade Didáctica da materia busca coñecer cal é a situación das sociedades preindustriais, como punto de partida para interpretar a transición desta sociedades ao modo de produción capitalista. Porase especial interese na evolución da poboación e os seus límites, así como nas claves para comprender o funcionamento das sociedades precapitalistas, en particular pola súa orientación ao autoconsumo, escasa especialización e baixa innovación. Sobre estas premisas avánzase cara a Revolución Industrial, a necesidade das transformacións institucionais e tecnolóxicas para o seu xurdimento e o mundo resultante ante esta Gran Transformación (Polanyi, 1989). Os obxectivos específicos da Unidade Didáctica son os seguintes:

- Obxectivo Específico 1: Coñecer a situación das sociedades preindustriais en termos de poboación, actividade produtiva e relacións sociais de produción.
- Obxectivo Específico 2: Entender o papel do comercio a longa distancia e a concentración agraria como mecanismos de acumulación orixinaria.
- Obxectivo Específico 3: Comprender as características concretas da sociedade inglesa que fundamentan o desenvolvemento do Capitalismo nun espazo xeográfico determinado.
- Obxectivo Específico 4: Comprender os elementos tecnolóxicos e institucionais para o desenvolvemento do Capitalismo.

- Obxectivo Específico 5: Interpretar os cambios en termos de crecemento ao longo do proceso de transición ao Capitalismo.

Os presentes obxectivos da Unidade Didáctica contribúen tanto aos obxectivos globais da materia como a acadar competencias xerais, específicas e transversais. En canto aos obxectivos, esta Unidade Didáctica desenvolve os números 1, 2 e 4. En canto ás competencias xerais, a 1 e 2. No tocante ás competencias específicas, 1, 3 e 4. Por último, desenvolve as competencias transversais 1, 2 e 3.

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

En primeiro lugar, hai que ter en conta a organización da materia para caracterizar os principios metodolóxicos. A materia de Historia Económica caracterízase por ter unha importante carga horaria interactiva, con 31 horas de docencia neste formato, por 17 horas de docencia expositiva en grupo grande. Ao mesmo tempo, a actual organización docente adica as primeiras dúas semanas só a clases expositivas, polo que ao ser a unidade didáctica I hai que atender a estas dúas cuestións. Así, a esta unidade didáctica vánselle adicar 6 horas teóricas e 2,5 horas interactivas en tres semanas de clase, distribuídas nas dúas primeiras semanas en dúas clases expositivas de 1,5 h e 1 h, mentres na última semana teremos 1h expositiva e unha sesión interactiva de 2,5 h.

Polo tanto, o maior peso nesta Unidade Didáctica recae en clases expositivas. De todos modos, esta organización non pode entenderse como a ausencia de participación e desenvolvemento autónomo do alumnado, principios reitores das novas metodoloxías docentes potenciadas unha vez aplicado o Espazo Europeo de Educación Superior. Así, dúas metodoloxías terán un peso clave para o traballo docente: o método de elaboración interrogativo e a *Flipped Classroom*.

Así, as explicacións teóricas non estarán baseadas na simple explicación do profesorado, senón que en todo momento se tratará de que o alumnado conteste á pregunta “Por que?” ao longo das aulas. A elaboración interrogativa é un bo mecanismo para captar a atención do alumnado (neste caso, aínda no primeiro curso), e ademais sirve como complemento na aula ao desenvolvemento dunha *Flipped Classroom*.

A *Flipped Classroom*, ou aula invertida, pon o foco no alumnado para o proceso de ensino-aprendizaxe, outorgándolle materiais e ferramentas previas ás aulas para que nas propias clases sexan elas e eles quen poida desenvolver determinadas ideas. Así, é papel do alumnado empregar estes recursos para obter uns contidos iniciais básicos que poderán expoñer na clase, para que as aulas expositivas sexan un complemento a este proceso formativo inicial e profundizar nos contidos concretos.

Os recursos para a *Flipped Classroom* estarán baseados en tres elementos: en primeiro lugar, unha serie de vídeos realizados polo profesorado onde se explicarán os elementos básicos de cada epígrafe da Unidade Didáctica, cunha duración máxima de tres minutos cada un. Estes vídeos serán a base para fixar contidos iniciais por parte do alumnado. Por outra banda, tamén se porán a disposición do alumnado os epígrafes correspondentes dos manuais da materia, como lectura obrigada para

obter determinada información sobre os contidos do vídeo. Por último, tamén se proporciona ao alumnado unha lectura complementaria, que servirá para encadrar desde un aspecto teórico o conxunto de contidos da unidade, algúns dos cales serán posteriormente reforzados na aula coa explicación do profesorado.

Por último, os contidos da materia terán que ser aplicados nun traballo individual a realizar durante a clase interactiva.

Os obxectivos desta aproximación metodolóxica son varios:

- Fomentar a análise crítica por parte do alumnado no relativo aos procesos económicos e sociais, fuxindo da pura memorística.
- Potenciar a participación activa, de xeito que se poidan desenvolver competencias transversais, en particular aquelas ligadas á comunicación oral e escrita.
- Dar a coñecer diferentes mecanismos para a obtención de información e a consulta de datos, ben sexa a través da consulta de bibliografía, ben a través da utilización de bases de datos.

Máis alá desta orientación metodolóxica xeral, o alumnado contará con outros dous recursos de importancia fundamental. En primeiro lugar, as titorías serán un espazo para o traballo individualizado e a resolución de dúbidas. Se ben de carácter voluntario, aplicaranse mecanismos para fomentar a súa utilización de xeito que o alumnado tamén conte con espazos para a aprendizaxe máis individualizados, o que facilitará a titorización e o *feedback* sobre as actividades a desenvolver.

En segundo lugar, o Campus Virtual será a principal ferramenta para a comunicación online entre o persoal docente e o alumnado. A través do Campus Virtual porase a disposición do alumnado un Foro de Dúbidas, no cal o alumnado poderá expoñer problemas ou dúbidas sobre a materia diante do profesorado, o que facilitará o traballo de titorías. Ademais, este recurso permitirá ao alumnado ter un repositorio con respostas do profesorado ás súas dúbidas, servindo como material de apoio ao estudo, ben para as actividades propostas, ben para o exame final da materia.

Ademais, o propio Campus Virtual será o espazo a través do cal se proporcionarán elementos básicos da materia, dende os vídeos das Flipped Classroom aos artigos complementarios. As actividades a desenvolver serán entregadas e corrixidas a través do propio Campus Virtual.

Para realizar a corrección empregaranse rúbricas, o que ten varias vantaxes metodolóxicas. Por unha banda, permite a avaliación para a aprendizaxe, superando o modelo tradicional de avaliación da aprendizaxe. Así, o alumnado poderá coñecer a través da rúbrica cales son os elementos positivos e os erros cometidos no seu traballo, facilitando a mellora e aprendizaxe. Ao mesmo tempo, o sistema de rúbricas estará orientado á guía do alumnado no desenvolvemento do traballo, tendo en conta que o alumnado de primeiro curso aínda carece de determinadas ferramentas para a análise económica e a capacidade de expresión e comprensión oral e escrita. Por último, o sistema de rúbricas facilita a labor de avaliación e, en particular, ten capacidade de cuantificar de xeito obxectivo para unha avaliación común ao conxunto do alumnado, evitando diferenzas entre elas e eles.

OS CONTIDOS BÁSICOS

A presente unidade didáctica ten como obxectivo básico a explicación, análise e comprensión do funcionamento das sociedades preindustriais e a súa transformación cara unhas relacións sociais de produción capitalistas, atendendo ás transformacións institucionais e tecnolóxicas e prestando tamén atención ao proceso de acumulación orixinaria, en particular dende o capitalismo agrario e o comercio a longa distancia.

1. Introducción

Neste primeiro apartado exporanse os obxectivos e os epígrafes que conforman a presente unidade didáctica, para que o alumnado coñeza o traballo ao longo destas tres semanas. Así, presentarase a estrutura da unidade, expoñendo os trazos máis básicos dos contidos a desenvolver con posterioridade: o funcionamento das sociedades preindustriais europeas do século XVIII e a súa dinámica demográfica; a estrutura produtiva fundamentalmente agraria e o desenvolvemento do comercio a longa distancia; as transformacións institucionais e tecnolóxicas ligadas ao mundo agrario e tamén aos sectores ligados á Revolución Industrial, particularmente o textil de algodón, a siderurxia e o impacto da máquina de vapor; o impacto destas transformacións en termos de crecemento económico e as características do proceso de industrialización.

Sobre estas bases, de xeito introdutorio, realizaranse unha serie de preguntas na clase para fomentar a participación e que sirva como unha primeira toma de contacto co alumnado e coñecer o nivel inicial do que parten en canto a coñecementos relativos á historia económica.

2. Poboación e agricultura nas economías preindustriais

As economías preindustriais caracterízanse por unha permanente tensión entre poboación e recursos, derivados da escaseza e a desigualdade, nun contexto de crecemento económico non autosostido, o que deriva en crises con fortes impactos en termos de poboación (Feliu & Sudrià, 2013). Polo tanto, o primeiro elemento a ter en conta para coñecer as Sociedades preindustriais europeas pasa por entender a súa dinámica demográfica, baseada no Ciclo Demográfico Antigo: elevada natalidade, elevada mortalidade, especialmente infantil (máis dun 25% dos nacementos non superaba o primeiro ano de vida), baixa esperanza de vida e lentitude no crecemento da poboación a longo prazo.

Esta realidade baseábase, atendendo aos estudos clásicos de Malthus, á existencia dunha serie de freos preventivos e compulsivos, que limitaban a natalidade e impulsaban a mortalidade, sobre a existencia dos rendementos decrecentes da terra, segundo os cales o crecemento da poboación prodúcese de xeito xeométrico pero o dos alimentos só de xeito aritmético, ao empregarse terras de peor calidade para alimentar unha poboación crecente. A consecuencia desta situación é unha maior

presión sobre a terra e a existencia de picos de mortalidade que dificultan o crecemento de poboación a longo prazo.

Así, desenvólvese un ciclo agrario en tres momentos, cun inicial crecemento da produción e a produtividade, un segundo momento de crecemento da produción pero redución da produtividade ligada ao incremento total da poboación e á utilización de terras de peor calidade, e un terceiro momento de crise cunha redución da produción e a poboación como mecanismo de axuste, volvendo ao punto de inicio.

Na realidade esta dinámica puido ser superada porque o modelo de Malthus non tiña en conta o cambio tecnolóxico, que permitía aumentar a produtividade e a rendibilidade da terra, abastecendo unha poboación crecente.

Como catalizador do cambio tecnolóxico, é relevante subliñar o que Karl Polanyi (1989) definiu como a Gran Transformación, ligada aos enormes cambios institucionais producidos ao longo do Século XVIII e a primeira metade do Século XIX, en particular aqueles cambios relativos á mercantilización dos factores de produción (Kriedte, 1987). Así, neste período prodúcese unha mudanza fundamental en termos produtivos, cunha nova orientación da produción agraria cada vez en maior medida cara o mercado, substituindo a tradicional produción para o autoabastecemento onde os mercados agrarios eran abastecidos polos excedentes da produción. Así, o desenvolvemento do mercado vén determinado polo desenvolvemento da regulación, a través de múltiples mecanismos institucionais que permiten o seu desenvolvemento.

Como consecuencia da conxunción destes cambios institucionais e o cambio tecnolóxico, prodúcese inicialmente nos Países Baixos e posteriormente en Inglaterra a Revolución Agraria, que duplica os seus excedentes agrarios, volvéndose un país exportador de cereais ao mesmo tempo que aumentaba a súa poboación total, rachando cos tradicionais límites ao crecemento propostos por Malthus a finais do Século XVIII e dando lugar a unha transición demográfica cara o Réxime Demográfico Moderno.

3. A economía urbana preindustrial

Unha característica das economías preindustriais era a súa forte estrutura agraria, o que limitaba o peso das áreas urbanas. Así, a maioría da poboación estaba ligada á actividade agraria e, polo tanto, a espazos rurais, polo que as cidades contaban cunha poboación escasa en relación ao mundo rural.

Ademais, as cidades mantiñan unha dupla relación de dependencia co mundo rural, debido á necesidade de obtención de produtos básicos para a alimentación e de materias primas para a actividade artesanal das cidades, pero tamén unha simbiose dada a súa capacidade de prover ao mundo rural produtos artesanais.

Os cambios institucionais e tecnolóxicos que ían aplicándose no mundo rural tiveron un impacto no crecemento urbano en varios sentidos: unha maior capacidade de abastecemento de produtos agrarios ao mesmo tempo que unha maior produtividade permitía que cada vez máis poboación se adicara a actividades non ligadas á agricultura, o que favorecía o crecemento das cidades e o nacemento de

novas actividades non-agrarias. Polo tanto, sen Revolución Agraria non se podería ter producido Revolución Industrial, en primeiro lugar porque non tería sido posible liberar forza de traballo para abastecer ás novas industrias (Comín, 2011).

As cidades, ademais de como provedoras de produción artesana tanto ao mundo urbano como ao mundo rural, supoñían o punto de conexión entre ambos mundos a través da creación de mercados. Así, estes mercados estaban limitados pola capacidade do mundo rural de producir excedentes, ao mesmo tempo que esta situación limitaba o crecemento urbano. Do mesmo xeito, a escasa capacidade de consumo da maioría da poboación dificultaba o crecemento dos ingresos urbanos ligados á actividade non-agraria, e orientábase a determinados sectores básicos como o textil ou o calzado.

Por último, as cidades cumprían outro papel de relevancia: servir como punto de encontro para o comercio a longa distancia.

4. O comercio a longa distancia

O comercio a longa distancia tivo un papel de relevancia para as economías europeas preindustriais. Europa ocupará un papel central no comercio a longa distancia co desenvolvemento de rutas comerciais cara América e Asia. O comercio a longa distancia caracterizábase porque só era accesible para unha minoría de poboación con maiores recursos e porque Europa mantiña unha posición deficitaria co exterior, cunha escasa capacidade de exportación (metais ou panos) mentres mercaba múltiples produtos fundamentalmente asiáticos (xoias, especias, perfumes, tecidos...).

Independentemente da posición deficitaria, a superioridade tecnolóxica naval europea fixo que foran eles quen controlasen as principais rutas comerciais dende os séculos XIV e XV (Zanden, 2009). Se ben esta posición foi inicialmente ocupada polas coroas de Portugal e Castela, dun lado pola apertura de novas rutas comerciais marítimas con Asia e, do outro, pola colonización de América, o Século XVII marca un punto de inflexión polo crecente dominio holandés e inglés do comercio internacional.

Esta mutación derívase de que, ao longo deste período, será a entrada de metais de América o que permitirá o crecemento do comercio a longa distancia, nunha triangulación comercial onde Portugal e Castela traían metais a Europa, que eran utilizados para a compra de produtos asiáticos e de manufacturas en Flandes e Inglaterra, o que permitía unha maior taxa de crecemento nestes últimos que nos primeiros.

A transformación do comercio a longa distancia a partir do Século XVII vén determinada polo inicial dominio dos Países Baixos, fundamentado nunha nova política comercial a través da creación de plantacións, grandes extensións de territorio fóra das súas fronteiras con monocultivo de produtos con elevada demanda en Europa e nos que se empregaba man de obra escrava co obxectivo de minimizar o déficit comercial. Este déficit comercial viña ampliándose en Europa dado que os prezos de produtos europeos, de menor calidade que os asiáticos, tendían a caer máis rápido, o que deterioraba as súas *relacións de intercambio* (Feliu & Sudrià, 2013).

Porén, esta hexemonía holandesa é efémera, en particular pola práctica mercantilista levada a cabo fundamentalmente por Inglaterra e Francia. As políticas mercantilistas estaban baseadas en fortes ideas proteccionistas, que limitaran a capacidade de comerciar por parte dos Países Baixos con outros países europeos. En particular as Actas de Navegación (1651), aprobadas por Inglaterra, limitaban a capacidade de comercio de outros países con Inglaterra e as súas colonias, dificultando a capacidade holandesa de acceder a mercados de enorme relevancia en Europa. Serán por tanto políticas que limitan o libre mercado as que favorezan a nova hexemonía británica a partir do Século XVIII (Chang, 2002).

Así, a nova supremacía británica baseouse na obtención de metais coa venda de manufacturas a Portugal, que atopara neste século ouro nas súas colonias de Brasil, a cambio de garantir a súa independencia contra a Coroa de Castela; a ocupación da India, que proporcionaba materias primas baratas á metrópole; a crecente capacidade de produción nas colonias asiáticas mediante plantacións, nalgúns casos para financiar o déficit comercial vendendo a produción en Asia, co paradigmático incremento da produción de opio en Bengala; e a crecente imposición da apertura comercial a China. Deste xeito Inglaterra situábase nunha posición privilexiada no comercio exterior e ademais obtiña un segundo mecanismo (máis alá do incipiente capitalismo agrario) para a acumulación de capital precisa para dar inicio á Revolución Industrial.

Ademais, o comercio a longa distancia estaba transformando as tradicionais relacións na produción artesanal ligadas aos gremios, xa que cada vez en maior medida os comerciantes tiñan a capacidade de controlar segmentos da produción (como a obtención de materias primas) o que dificultaba a labor de control gremial. Como consecuencia, os comerciantes atoparon cada vez máis incentivos para desenvolver actividades ligadas á manufactura, fomentando o inicio dunha incipiente *protoindustrialización*.

Para escapar ao control gremial urbano, esta nova actividade estará ubicada no mundo rural, onde o campesiñado obtiña unha renda complementaria a través da realización de determinadas actividades artesanais, xeralmente ligadas ao textil. A este proceso coñéceselle como *Putting Out System* ou *Verlag System*, potenciando a segmentación dun sector en varias actividades que serán realizadas por produtores illados, con menor capacidade de negociación, dado que a Revolución Agraria estaba liberando forza de traballo agraria e o mundo rural precisaba novas fontes de ingresos. Este sistema tiña outras tres características: os salarios aos produtores eran inferiores no mundo rural que no mundo urbano, a produtividade tendía a aumentar por unha crecente especialización en actividades concretas que facía que a pequena unidade produtiva rural tivera unha elevada capacidade de produción nese proceso e, por último, o capital fixo (aqueles elementos necesarios para a produción) eran propiedade do traballador, non do empresario.

5. A Revolución Industrial

Podemos entender a Revolución Industrial como o proceso de transformacións técnicas, socioeconómicas e culturais que se producen entre os Séculos XVIII e XIX (e,

máis concretamente, entre 1760 e 1830), dentro dos cales a innovación e o cambio técnico -entendidos como proceso ou sucesión de acontecementos- adquiriron un papel central (Feliu & Sudrià, 2013). Unha serie de transformacións institucionais serán as que permitan que este proceso poida producirse, e as transformacións estarán orientadas non só aos cambios na produción, senón tamén na cantidade e tipos de materias primas, nas formas de enerxía e nas formas organizativas. Do mesmo xeito, a Revolución Industrial estivo moi concentrada sectorialmente.

5.1. Ideas iniciais sobre a Revolución Industrial

O impacto da Revolución Industrial será fundamental na transformación económica e social a múltiples niveis. En primeiro lugar, pola creación de novas categorías sociais que iniciarán un novo conflito de clase entre capitalistas e clase traballadora, modificando o tradicional patrón feudal de loita entre campesiñado e aristocracia. En segundo lugar, polo desenvolvemento de novas formas de organización política a partir de diversos procesos, como a Revolución Gloriosa en Inglaterra, a Revolución Francesa en Francia (Soboul, 1987) ou a Guerra de Independencia nos Estados Unidos. En terceiro lugar, en termos económicos, o factor capital aumenta a súa importancia, até o punto de que o factor traballo se subordina aos ritmos de produción fabril. Por último, aumenta a produtividade dos factores de produción, conseguíndose un crecemento autosostido, unha situación inédita previamente.

Por outra banda, é importante situar a Revolución Industrial tamén dende un punto de vista xeográfico: Revolución Industrial hai unha, e dase nunhas rexións específicas de Inglaterra (Hobsbawn, 2001). O resto de países vivirán a súa propia Revolución Industrial, pero posteriormente e, en moitos casos, copiando o proceso inglés pero coas súas propias particularidades. Nese sentido faise preciso comprender a singularidade inglesa: fortes cambios institucionais no mundo agrario que permitían a acumulación de capital e a liberación de forza de traballo; crecemento do mercado polo aumento da asalarización e a especialización; unhas institucións favorables ao desenvolvemento do mercado; e unhas características xeográficas moi concretas pola facilidade do transporte interior mediante ríos navegables e cunha importante riqueza mineira de fácil acceso (Feliu & Sudrià, 2013).

5.2. A Revolución Industrial no sector do algodón

En termos tecnolóxicos, a Revolución Industrial prodúcese nunha serie de sectores e actividades moi concretas, que xeralmente son exemplificadas no sector algodoeiro, pola importante *autocorrelación* na innovación. Así, en 1733 foi desenvolvida a Lanzadeira Voante, unha primeira innovación tecnolóxica considerada como macroinvento, xa que transforma de xeito fundamental a produción sectorial ao multiplicar por catro a produtividade na produción de tecidos. Como consecuencia, prodúcese unha escaseza de fío para abastecer esta nova capacidade produtiva, o que leva ao desenvolvemento doutras tres máquinas, a Spinning-Jenny (1768), a Water-Frame (1769) e a Mule (1785), que conseguiron multiplicar por varios centenaes a

producción dos fiadores e fiadoras manuais, ao mesmo tempo que concentraban a produción, favorecendo o *factory system*, e incorporaban novas fontes de enerxía, fomentando a utilización primeiro de enerxía hidráulica e posteriormente de carbón.

Este ciclo de innovacións ten que ampliarse coa Desmotadora Mecánica (1793), que ao ser descuberta nos Estados Unidos volve a este país un produtor fundamental de algodón para o mercado inglés multiplicando por sesenta a súa produción entre 1790 e 1810 e aproveitando da súa enorme cantidade de terra para a produción e dunha forza de traballo en situación de escravitude, o que determinaba uns baixísimos custos de produción. Por último, o desenvolvemento do tear mecánico (1822) supón o peche a este ciclo de innovacións no sector, permitindo a Inglaterra a produción a gran escala non só de fío senón tamén de tecidos, o que facilita a súa posición como gran exportadora internacional.

As consecuencias desta enorme transformación tecnolóxica e institucional no sector do algodón terán unha serie de consecuencias fundamentais. En primeiro lugar pola existencia de fortes *efectos de arrastre* que operaron como tractores doutros sectores. Ao medrar a produción textil cunha crecente mecanización da produción, o sector da construción de maquinaria e, con el, a siderurxia, viron ampliado o seu mercado de forma substancial, ao igual que outros sectores auxiliares do textil, como a industria química. En paralelo, transformou as relacións sociais de produción e reforzou un novo conflito de clase entre capitalistas e traballadores, cunha crecente conciencia obreira pola concentración da produción en fábricas baixo terribles condicións laborais. En termos de mercado colocou produtos cada vez máis baratos, ampliando a posibilidade de compra a novas capas da poboación. Por último, en termos de comercio internacional, este aumentou de xeito substancial, transformando o papel de Inglaterra como tradicional país con déficit comercial para converterse nun exportador neto.

5.3. A Revolución Industrial noutros sectores

Se ben o sector do algodón representa a actividade máis paradigmática da Revolución Industrial, outros sectores tamén verán transformada a súa capacidade produtiva en termos tecnolóxicos. En primeiro lugar, a siderurxia transformarase por un triple efecto de abaratamento da súa produción, o incremento da mesma e a redución de tempos no proceso produtivo. Ao mesmo tempo, a transformación tecnolóxica ligada á pudelación e o laminado permitirá producir ferro forxado de maior calidade e multiplicando a produtividade previa, un elemento fundamental para posibilitar a mecanización do sector do algodón e, sobre todo, abrindo a porta a aumentar a produción siderúrxica para abastecer un sector fundamental ao longo do século XIX, o do ferrocarril.

Neste sentido, outro macroinvento clave para entender as transformacións tecnolóxicas da época será a máquina de vapor, patentada por James Watt en 1769. A importancia da máquina de vapor tivo múltiples ramificacións: dende o punto de vista industrial, reduce a dependencia dos ríos (pola necesidade de enerxía hidráulica), facilita a deslocalización da produción cara o ámbito urbano e, sobre todo, per-

mite un aumento de escala das fábricas, aumentando a súa produtividade e produción totais. Dende o punto de vista do transporte posibilita a mellora do transporte marítimo e fluvial e, sobre todo, o desenvolvemento do ferrocarril, en particular a partir de 1825.

Outras dúas industrias vivirán importantes transformacións: a minaría e a química. A crecente importancia de determinados minerais, así como do carbón como materia prima enerxética, fixeron que a minaría aumentara de xeito substancial a súa capacidade de produción, o que tamén determinou importantes cambios tecnolóxicos, onde podemos destacar a bomba para a extracción de auga ou a lámpada de seguridade.

No relativo á química, transfórmase incluso o método de produción, substituíndose progresivamente a produción en laboratorio pola produción industrial. Esta evolución terá como efecto o aumento da produción e tamén a caída de prezos, favorecendo o incremento do consumo de produtos químicos. Dentro do sector químico, moi amplo, cabe destacar a evolución no desenvolvemento de branqueadores, que facilitaban o proceso na elaboración textil e ao mesmo tempo liberaban terra antes ocupada para o branqueamento ao sol, así como o desenvolvemento dos usos do gas, en particular aplicándose á iluminación. Este cambio tecnolóxico ten un impacto fundamental no sistema fabril, ao permitir alongar as xornadas laborais unha vez non hai luz solar, aumentando a produción total e, en boa medida, empeorando as condicións laborais da clase obreira en termos de xornadas de traballo.

6. Crecemento económico moderno e proceso de industrialización

Tendo en conta estas transformacións, é preciso realizar a seguinte pregunta: que impacto tivo na economía toda esta serie de cambios, que resultaron ser fundamentais para a evolución económica mundial? A realidade, cando menos nun primeiro momento, foi máis ben modesta sobre parámetros actuais, caracterizada por un crecemento económico moderado e desigual, como pode verse na Táboa I. Ademais, hai que ter en conta que tamén se estaba producindo un crecemento de poboación, polo que os datos per capita son aínda máis pobres, cun escaso crecemento anual da renda per capita do 0,2% entre os anos 1760 e 1801 (Feliu & Sudrià, 2013).

Táboa 1. Taxa anual de crecemento da renda en Gran Bretaña (%)

Anos	PIB	Industria	Agricultura
1700-1760	0.7%	0.7%	0.6%
1760-1780	0.6%	1.3%	0.1%
1780-1801	1.4%	2%	0.8%
1801-1831	2.4%	2.8%	1.2%

Fonte: Crafts, 1997.

As motivacións para esta situación son múltiples: en primeiro lugar, hai que ter en conta que a maioría da poboación continuaba vivindo no mundo rural e adicada ao sector agrario precapitalista de autosubsistencia, polo que o sector industrial, aínda con grandes crecementos, non representaba unha parte substancial da economía inglesa. Ao mesmo tempo, non todo o sector manufactureiro estaba vivindo un rápido proceso de industrialización, senón que só algúns sectores determinados viviron este proceso (algodón, siderurxia ou química), o que reduce aínda máis o peso global dos sectores líderes na Revolución Industrial. En paralelo, nestes sectores non todas as unidades produtivas se modernizaron ao mesmo ritmo, convivindo ao mesmo tempo cun sector tradicional que continuaba realizando actividade mediante a produción máis artesanal.

De todos modos, o crecemento tendeu a aumentar ao longo do tempo, o que indica que os sectores con maior presenza na Revolución Industrial gañan cada vez máis peso no conxunto da economía británica, dándose un punto de inflexión no inicio do Século XIX, cando xa se cuadriplican as taxas de crecemento de vinte anos atrás. Neste sentido, o impacto do desenvolvemento de novos sectores, moito máis intensivos en capital, como o ferrocarril, será fundamental.

As características deste crecemento dende a perspectiva dos factores de produción tamén terán relevancia. En primeiro lugar, a acumulación orixinaria do capital, en palabras de Marx (1978), foi a que permitiu os primeiros investimentos para a eclosión da Revolución Industrial. As características destes investimentos é que non supoñían elevadísimas cantidades de capital, polo que, curiosamente, a necesidade de crédito non foi particularmente relevante na época, aínda que o sector bancario mantivo uns baixos tipos de xuro que favorecían a expansión da capacidade industrial instalada. A evolución nos usos do capital variará tamén coa evolución sectorial, onde sectores cada vez máis intensivos en capital (como a minaría, a siderurxia e, sobre todo, o ferrocarril) transformen a escala das necesidades de capital para o investimento.

En segundo lugar, o factor traballo estivo sustentado nun crecente proceso de asalarización, o que aumentaba o tamaño do mercado ao incrementar a demanda desa nova clase obreira que estaba abandonando actividades agrarias de subsistencia. É importante subliñar que esta nova clase obreira procedía de actividades campesiñas que abandonaba non pola expectativa de mellores condicións salariais, senón porque o sector agrario estaba vivindo a súa propia Revolución Agraria e expulsaba forza de traballo. Esta situación tecnolóxica permitiu que os salarios ao longo do Século XVIII e a primeira metade do Século XIX se mantiveran moi baixos, o que favorecía o incremento dos beneficios empresariais.

Como consecuencia, ao longo da Revolución Industrial e até o ano 1840 prodúcese unha importante disociación entre crecente produtividade e salarios constantes, o que se coñece como *Pausa de Engels* (Allen, 2009). Polo tanto, a evolución inicial do capitalismo inglés tendeu a incrementar os beneficios empresariais sistematicamente por riba dos salarios da nova clase obreira, que vía unha depauperización das súas condicións de vida, até o punto de que a esperanza de vida en determinadas áreas urbanas industriais británicas incluso caeu (Escudero, 2002).

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Como consecuencia da organización académica do centro, a esta unidade didáctica adicaránselle 2'5 horas interactivas, nunha única sesión, dividida en dúas metades de 1h10', sendo a última clase da unidade. De todos modos, as aulas expositivas estarán dominadas polo enfoque de elaboración interrogativo, polo que tamén haberá lugar para unha actividade na mesma. Así, os contidos fundamentais a traballar nas actividades serán aqueles relacionados con dous aspectos: a realidade económica nas Sociedades preindustriais e os elementos clave para entender as transformacións nas relacións sociais de produción que permitiron a emerxencia do Capitalismo como modo de produción. As actividades propostas serán as seguintes:

1. Actividade inicial para avaliar coñecementos previos e favorecer a participación e a curiosidade do alumnado. Así, na primeira sesión expositiva, despois de introducir os elementos que van ser estudados na Unidade Didáctica, realizarase un Kahoot realizando preguntas básicas sobre o tema, e así ter unha percepción de cal é o coñecemento medio na aula. Estas preguntas estarán orientadas a valorar o coñecemento xeral sobre a historia europea dos séculos XVIII e XIX, elementos básicos sobre a Revolución Industrial e cuestións relativas ao funcionamento do Capitalismo.
2. A clase interactiva estará dividida en dúas partes, realizándose un debate en grupo sobre tres textos:
 - Meiksins, E. (2021). *El Modelo mercantilista y su legado*. En *El Origen del Capitalismo: una mirada de largo plazo*. Capítulo I. Pp 19 – 42.
 - Marx, K. (1978). *La Llamada Acumulación Originaria*. En *El capital: crítica de la economía política*. Madrid: Siglo XXI de España, 1978. Vol. 3. Capítulo XIV. (Traballo orixinal publicado en 1867).
 - Hobsbawn, E. (2009). *La Revolución Industrial*. En *La Era de la Revolución: 1789 – 1848*. Buenos Aires: Crítica. Capítulo II, pp 34 – 60.

A idea do debate é reforzar a competencia transversal de expresión oral, así como a capacidade de análise crítico de ideas, xa que dividimos a aula en tres grupos, que terán que ler só un texto e expoñelo ao resto do grupo. Unha vez se realiza a exposición, os tres grupos porán en común as ideas dos textos, tendo en conta a perspectiva de cada un deles. A segunda parte da aula será para recoller as ideas fundamentais de cada un dos textos e que foron xa vistas na aula nas clases teóricas, co apoio do profesorado da materia.

3. A partir do traballo da actividade previa, dos contidos das aulas expositivas, a aula interactiva e os tres textos proporcionados, o alumnado terá que realizar unha actividade escrita, de como máximo dúas páxinas, para repasar as ideas fundamentais da unidade didáctica. O obxectivo desta actividade é reforzar os contidos básicos, orientando a actividade a través da súa propia avaliación, ao ser realizada mediante rúbrica. Do mesmo xeito, presta-se atención tamén ás técnicas de expresión escrita como competencia transversal.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación debe ser un instrumento máis do proceso de ensino-aprendizaxe, polo que estará orientada en todo caso a fomentar o *feedback* co estudiantado. Neste sentido, a principal dificultade parte do volume de alumnado que se manexa nos grupos grandes, e que implica unha importante utilización de horas para a corrección.

Partindo desta base, realizaremos unha avaliación continua, prestando especial atención á participación na aula e ás actividades realizadas polo alumnado. Nese sentido, só a segunda e terceira actividades formarán parte da avaliación numérica final, sendo a primeira unha toma de contacto aos contidos, e que servirá para establecer, ao longo da primeira clase, algunhas ideas básicas que deben ser aprendidas de xeito previo á explicación dos contidos da propia unidade, así como un mecanismo para adaptar as exposicións á realidade da aula.

Unha vez realizada esta avaliación inicial, ao longo de todas as aulas farase unha avaliación procesual. Para isto é particularmente útil a metodoloxía da elaboración interrogativa, xa que, ao mesmo tempo que fomenta a curiosidade e participación do alumnado, tamén pode valer de referencia para ir observando a comprensión de contidos e o nivel de análise que o alumnado está realizando sobre a materia.

Ademais, a última actividade será avaliada mediante rúbrica. Este mecanismo ten varias vantaxes: dende o punto de vista do profesorado, simplifica os procesos de corrección, algo fundamental polo elevado volume de alumnado. Dende o punto de vista pedagóxico, favorece que o alumnado poida recibir un *feedback* do profesorado a través da rúbrica e os comentarios do profesorado na avaliación. Dende o punto de vista da aprendizaxe, a rúbrica é un instrumento que permite guiar ao alumnado no desenvolvemento do traballo, e que non sexa unha reflexión aberta sen un fío conductor, un elemento moi problemático ao tratarse de alumnado de primeiro curso e que aínda conta con certos déficits na capacidade analítica e de expresión escrita. A avaliación desta actividade será realizada a través da ferramenta Tarefa do Campus Virtual, incorporando unha rúbrica na propia explicación da actividade, aproveitando as ferramentas que pon á nosa disposición a Universidade.

Por último, tamén se realiza unha avaliación final, no exame final da materia, que contará cun apartado específico de 4 preguntas tipo test sobre un exame de 20 preguntas.

A materia conta cun sistema de avaliación dividido en dúas partes, entre a avaliación cotinua (40%) e o exame final (60%). A avaliación continua conta con dez actividades, e o exame final consta de vinte preguntas. Tendo en conta esta avaliación global da materia, a presente unidade didáctica representa o 10% da avaliación continua e o 20% da avaliación final.

BIBLIOGRAFÍA

ALLEN, ROBERT C. (2009). *Engels' pause: Technical change, capital accumulation, and inequality in the british industrial revolution*. Explorations in Economic History, 46(4), 418-435.

- CHANG, HA-JOON. (2002). *Kicking away the ladder: development strategy in historical perspective*. Londres: Anthem Press.
- COMÍN, Francisco (2011). *Historia económica mundial : de los orígenes a la actualidad*. Madrid: Alianza.
- CRAFTS, nicholas francis (1997). *Some dimensions of the 'quality of life' during the British industrial revolution*. *Economic History Review*, 617-639.
- ESCUDERO, Antonio (2002). *Volviendo a un viejo debate: el nivel de vida de la clase obrera británica durante la Revolución Industrial*. *Revista de Historia Industrial—Industrial History Review*, (21), 13-60.
- FELIU, GASPAR & SUDRIÀ, Carles (2013). *Introducción a la Historia Económica Mundial*. Valencia: Publicaciones de la Universitat de València. Segunda Edición.
- HOBBSBAWN, E. (2009). *La Revolución Industrial*. En *La Era de la Revolución: 1789-1848*. Buenos Aires: Crítica.
- KRIEDELTE, Peter (1987). *Feudalismo tardío y capital mercantil*. Barcelona: Crítica. [5a ed.].
- MARX, Karl (1978). *La Llamada Acumulación Originaria*. En *El capital: crítica de la economía política*. Madrid: Siglo XXI de España, 1978. Vol. 3. Capítulo XIV. (Trabajo orixinal publicado en 1867).
- MEIKSINS, Ellen (2021). *El origen del Capitalismo. Una mirada de largo plazo*. Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- POLANYI, Karl (1989). *La gran transformación : crítica del liberalismo económico*. Madrid: La Piqueta (Trabajo orixinal publicado en 1944).
- SOBOUL, Albert (1987). *La Revolución Francesa : principios ideológicos y protagonistas colectivos*. Barcelona: Crítica.
- ZANDEN, Jan luiten van (2009). *The long road to the industrial Revolution. The European Economy in a Global Perspective, 1000-1800*. Boston: Leiden.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA